





Querida Jena,

Xa rematou o curso! Pasoume voando!

Aínda lembro o día que cheguei aquí. Estaba moi nerviosa, cun pouco medo polo que puidese atopar. Comecei a falar en inglés, pero case ninguén me entendía (logo descubrín que aquí o estudan dende pequenos, durante moitos anos, pero algo non debe funcionar ben). Tamén me sorprendeu o sucias que estaban as rúas e as estradas. Sei que non o vas crer, pero aquí hai moita xente que tira as cabichas e os papeis ao chan coma se fose a cousa máis normal do mundo. E non me refiro só aos nenos, tamén o fan os maiores.

Ao día seguinte da miña chegada fun ao instituto. Caeume a alma aos pés: vello, decrepito... Sabes que non tiñamos auga quente no ximnasio? Menos mal que a familia coa que estaba era encantadora. Eran todos moi alegres e amables; preocupábanse de min moitísimo se me vían triste, e facían todo o posible por sacarme un sorriso. Que diferenza co noso país, que somos moito máis distantes coas persoas que non coñecemos!

O que si me chamou moito a atención foi o día que me fun matricular. O pai da familia na que estaba empeñouse en me acompañar ao centro. Eu pensaba que o facía polo idioma, pero non! Vin que moitos alumnos ían cos seus pais a matricularse! Incluso os de Bacharelato! Podes crelo? E pensar que nós xa imos sós dende os doce anos! Así pasa logo, que algúns, parece que non teñen responsabilidade ningunha. Se chegan tarde din cousas como: *“é que quedei durmido”*; se non fan un traballo a tempo: *“é que non sabía para cando era”*; se suspenden un exame din: *“non mo cualificaron ben porque non puxen as cousas como lle gustaba ao profesor”*. E pensan que teñen razón! Coma se non fosen eles os que teñen que levantarse a tempo, saber cando teñen que facer os traballos ou responder ao que preguntan no exame e non a outra cousa distinta. O curioso é que hai pais que aínda lles dan a razón!! Claro, como na academia ás veces lles din que van ben preparados aínda que non saiban nada...

Xa che dixen que este sitio é precioso: non só a praia, senón tamén os ríos, os montes e algunhas casas (aínda que certas vivendas son dun estilo artístico que non me emociona, creo que o chaman feísmo ou algo así). Pero o mellor é a xente. Eu pensaba que, ao ser de fóra, ía atoparme un pouco soa... pero non! Axiña fixen amigos e tratábanme coma se fose un deles. Quedabamos polas tardes para dar unha volta ou, mesmo nalgunha ocasión, para estudar xuntos. Sabes que me chama moito a atención dos meus amigos?, o enganchados que están ao móbil. Sempre con el. E que modelos! Sabes que teñen aparellos moito mellores que os dos seus pais?

O que me deu moita pena foi a morte de Daniel. Xa sabes, ese rapaz enfermo do que che falara que non podía facer esforzos e que o tiñan que coller en brazos para subir as escaleiras. Queríanlle moito os seus amigos; non se esquecen del. E non me estraña porque, a pesar da súa enfermidade, sempre estaba sorrindo e animando aos seus compañeiros. Mira, vouche copiar aquí as verbas dos seus pais que son unhas persoas fantástica; organizaron na súa memoria un libro no que escribiron: *“Dani fue un niño feliz, valiente y leal. Todos deseábamos estar a su lado porque nos daba paz. Cada uno de nosotros, a nuestra manera,*

*lo tendremos presente a lo largo de nuestro camino y quizás, y sólo así, su paso por nuestras vidas haya compensado la pena de no continuar teniéndolo a nuestro lado”*

Tamén morreu unha profesora, chamábase Marilís. Eu non a coñecía porque estivo enferma todo o curso pero algún dos meus amigos si que a lembraba porque lle dera clase a algún irmán. Tiñanlle moito cariño porque sempre os trataba moi ben. A algúns, que eran veciños seus, ata os levaba ela mesma ao centro no seu coche. Era moi querida entre o profesorado, levaba moitos anos con eles e sempre podían contar coa súa amizade para o que necesitasen.

O que si me parece é que algúns profesores son bastante maiores. Este ano xubiláronse catro: Reguera, Socorro, Toya e Xosé Lois; retiráronse a tempo, antes de que lles afecten os cambios en educación deste país. Sabes que aquí cada vez que cambia o goberno cambian as leis? Parece unha trapallada, deberían poñerse de acordo porque se non é unha lea constante. Espero que estes catro que se xubilaron non enfermen e que gocen dun merecido descanso. A verdade é que me caían moi ben os catro.

Non che falei nunca dos profesores de aquí? Non son moi diferentes aos nosos: case todos son bos, ou moi bos; pero algún non o é tanto. Sabes que moitas veces non tiñamos substitutos para algúns profesores que se puñan enfermos? Aquí non é como aí que cando non temos clase podemos ir estudar ou pasear. Cando falta algún profesor temos que estar custodiados nas aulas, como se fósemos nenos pequenos

Un costume moi curioso que teñen por aquí é o de vulgar continuamente a algúns colectivos. Teño oído conversas dubidando da competencia dalgún médico, xuíz, arquitecto... por parte de persoas con dubidosos ou nulos coñecementos de medicina, xurídicos ou de construción, aínda que non de forma maioritaria. O mesmo pasa no ensino, co agravante de que se fai de xeito cotiá e que esta dúbida, se é escoitada polos alumnos, prexudica logo o traballo do profesor na aula. A información que lle chega aos pais a través dos seus fillos sobre o centro non soe ser exacta; non porque os fillos mintan, senón porque perciben a realidade de forma sesgada, enfocándoa dende o seu punto de vista, ou porque tenden a dar crédito a multitude de rumores sen fundamento. O resultado é que algúns pais perciben o centro tal como o ven os seus fillos, o que dista, nalgúns casos moito da realidade. Creo que se houberse máis comunicación entre os pais e os profesores sería moi bo para ambos, como no noso país (xa nos gustaría a nós que os nosos non se comunicasen tanto!).

En fin, xa che contarei máis cousas cando estea de volta na casa. Teño moitas ganas de vos ver a todos. Si, tamén á rabuda da miña irmá e ao parvo de Jan. Pero a verdade é que marcho con moita pena porque aquí me sinto como na miña casa. Teño que convencer aos meus pais para que me deixen volver a pasar outro ano aquí ou, polo menos, para vir pasar as vacacións.

Un bico, cóidate moito. A túa amiga que te quere:

Cadalsa

## SAMAÍN E MAGOSTO 2011

Outro ano máis o Equipo de Dinamización Lingüística “O Brión” do IES Val Miñor de Nigrán celebrou durante o mes de outubro a tradición do Samaín e do Magosto.



Houbo exposición de multiformes cabzas e realizáronse xogos populares (a ra, a chave, carreira de sacos, carreira de tres pés, tiro da corda e carreira de zancos) con boa e animosa participación do alumnado, mesmo para organizar os equipos participantes.


Contamos, tamén, cunha pequena exhibición de xogos populares elaborados a man (o crebanoces, o panterlo, as tarrañolas, o escopetón de biouteiro)



Así mesmo, celebrouse o xa tradicional “Concurso de Relatos de Santos e Nadal”. Nesta nova edición outorgóuselle o primeiro premio á alumna de 3º ESO Lúa Álvarez. Parabéns, Lúa!

## ESCOPETÓN DE BIOUSTEIRO (bieiteiro ou sabugueiro)

Xogo popular que se utiliza como lanzador de proxectís. Consiste nun cano que se fai cun pau de biouteiro ao que se lle quita a médula para que quede oco, e un émbolo para empurrar as bóliñas de loureiro (lorbagas) que se introducen no cano.



### Materiais:

Unha póla de biouteiro de entre 20 e 30 cm. de longo e un pau doutra árbore (buxo, mirto...) Escóllese o biouteiro porque o corazón do seu tronco é brando e facilmente baleirable.

### Creación:

Retírase a monda da póla para que quede o exterior limpo. Baléirase o interior da parte que vai constituír o canón do escopetón. Córtase outro

anaco de póla de, aproximadamente, 8 cm. para facer de disparador. Nese anaco engádesse un pau fino que encaixe no interior do escopetón.

### Uso do xogo:

Colócanse dúas lorbagas (fritos do loureiro) en ambos os dous extremos do escopetón. Introdúcese o disparador presionando con forza para que saia a lorbaga.

## CASTAÑOLAS

Xogo popular moi estendido por Europa. Utilízase como instrumento musical popular, batendo unha parte coa outra manualmente.

### Materiais:

Cómpren dous anacos rectangulares de madeiras nobres (castiñeiro, carballo...)

### Creación:

Fanse unhas entradas na madeira para encaixalas entre os dedos índice (furabolos), corazón e anular.

### Uso do xogo:

Deixando unha castañola fixa, fanse movementos coa man que permitan bater a outra contra a primeira.



## CREBANOCES

Xogo popular, posiblemente precedente do “yo-yo”.

### Materiais:

Dúas noces, dous paus finiños e unha corda tamén fina.

### Creación:

Fúranse as noces polos dous extremos; unha noz soporta un pau fixo e no interior da outra enrólase unha corda que leva no seu extremo exterior outro pau para frear a recollida desta.

### Uso do xogo:

Xógase tirando do extremo da corda situada na noz inferior, provocando o movemento da superior e a recollida da corda.



## PANTERLO

Trampa feita de vimbio ou de canas en forma de pirámide para cazar vivos os paxaros.

### Materiais e creación:

Consiste nunha gaiola de canas, de forma piramidal, colocadas unhas enriba das outras e atadas con cordas. No interior colócase o alimento para os paxaros (millo, miolo de pan...)

### Uso:

Lévantase a gaiola por un extremo suxeitándoa cun pau atado, á vez, a unha corda que remata noutro do que se tirará unha vez que entre o paxaro, para que o pau da gaiola caia e esta baixe deixando á ave dentro.



## ADIVIÑAS

Creo mares e pradeiras,  
de cores moi variadas,  
constrúo cidades enteiras,  
azuis, verdes e encarnadas.

(Yaiza Fernández e Lúa Álvarez, 3ºA)

É moi pequeniño,  
no peto podes telo.  
É moi delgadiño,  
para escribir tes que collelo

(Nair Grossi e Carolina Justo, 3ºA)

O lapis e o caderno,  
dentro de min podes gardar,  
ás costas ou con rodas,  
pódesme levar.

(Yaiza Fernández e Lúa Álvarez, 3ºA)

Sen mans nin pernas  
os libros podo levar  
e axudarei a transportar  
todo o que ti queiras.

(Eva Méndez, 3ºB)

Son de cores e sabores,  
mellores ou peores,  
moitos comen os nenos,  
os vellos comen menos.

(Nair Grossi e Carolina Justo, 3ºA)

Doces coma o azucre,  
duros coma o chan,  
non comas moitos,  
ou as moas doerán.

(Brais Novoa, 3ºB)





## XULIA ALONSO VISITA O IES VAL MIÑOR

Este curso os alumnos de 1º de bacharelato tivemos a visita da autora galega Xulia Alonso. Ela veu ao instituto para falarnos sobre o seu libro “Futuro Imperfecto” (libro que a maioría dos alumnos limos durante o curso). No libro, a autora cóntanos unha historia real, a súa historia. Exactamente os anos máis trágicos da súa vida, que foron os que deixaron unha forte pegada nela. Os acontecementos máis importantes que lle ocorreron eses anos foron a súa adicción ás drogas, contraer o virus do VIH xunto co seu home e a morte do seu marido pola enfermidade. Todos estes feitos tan sumamente tristes foron contados por ela no seu libro de tal maneira que nos trasmitía toda a súa dor pero con moita claridade e tranquilidade, sen que resultase esaxerado. Creo que conseguiu transmitir exactamente o que se propuxo. Quería facer sentir aos lectores o mesmo que sentiu ela, metelos na historia, para que realmente o visen como algo real que lle pode acontecer a calquera; e eu sentino.

Na visita que veu facer ao instituto contounos as razóns polas que decidiu escribir e publicar a súa biografía. A principal razón foi a súa filla. Quería que ela coñecese a historia dos seus pais en caso de que non puidese oír da súa boca. Outra razón foi que quería servir de axuda para outras persoas, quería que as persoas que lesen o seu libro non cometesen os mesmos erros ca ela. A continuación falounos sobre o que aconteceu na súa vida despois da morte do seu marido, as dificultades que tivo que superar, os retos que tivo que afrontar (o máis difícil de todo foi contarlle á súa filla a súa historia)...



Resultoume unha muller fascinante. A súa vida foi unha loita tras outra, pero a pesar das dificultades sempre conseguiu saír adiante. Sacrificouse pola súa filla e o seu marido. O máis admirable de todo foi a súa maneira de afrontar a enfermidade. As persoas que padecían SIDA estaban asociadas aos yonkis, aos homosexuais; a persoas de mala vida, polo que a enfermidade estaba moi mal vista socialmente. Pero ela levouna coa cabeza alta, non se escondeu, nin avergonzou de si mesma. Sabía que era unha enfermidade como calquera outra e non tiña que agocharse por padecela. Para iso, hai que ter moito valor.

En xeral a visita foi moi entretida e o libro tamén está moi ben. Eu recoméndoo, pois é interesante e moi fácil de ler.

María Álvarez Fraga 1º BACH A

## LENDAS DO VAL MIÑOR

### ***A formación das Rías Galegas***

Contan que cando Deus creou o mundo, sentou satisfeito no monte Santa Tegra, na costa galega, para enxergar a beleza da súa creación; como estaba moi canso, apoiou a man na terra e os seus dedos afundíronse na area formando así as rías galegas. Logo, sacudiu a súa man enlodada e dos montonciños de area que foron caer ao mar, naceron as illas de Galicia: Ons, as Cíes, as Sisargas, Sálvora, Arousa e todas as demais.



(Mar Pérez Hermida 3ºB)

### ***Santa Liberata ou Librada***

Santa Liberata ou Librada, que intercede nos partos difíciles, naceu en Baiona no século II e ten a súa lenda ligada á das nove irmás, todas elas mártires e nadas dun mesmo parto.

Balcagia era o nome romano da actual Baiona, a sede do gobernador romano de Gallaecia (Galicia) e Lusitania (Portugal), Lucio Catelio Severo, polo ano 119. Tanto el como a súa esposa, Calsia, declarábanse pagáns e inimigos dos cristiáns.



No ano 122 Lucio Catelio recibe a orde de trasladarse á provincia romana de Terraco (Tarragona); naquel momento a súa esposa estaba agardando un bebé polo que o home, por seguridade, ordenoulle quedar en Balcagia (Baiona)

Prodixiosamente, nun parto, Calsia deu a luz a nove nenas. Sorprendida e asustada por tal feito, pensando na ira do seu home ao ver semellante prodixio e temendo que o crese froito da súa infidelidade -pois daquela asociábanse os partos múltiples ao adulterio- ordenou que as botasen ao río Miñor, na Ramallosa. Sila, a servidora de Calsia, recibiu a orde e dispúxose a cumprila, pero a súa conciencia non lle permitiu cometer tal crime, polo que tomou a determinación de entregar as nenas ao coidado de boas mulleres cristiás doutra vila. Ao cabo dun tempo as nenas foron bautizadas polo bispo San Ovidio recibindo os nomes de: Genivera, Liberata, Victoria, Eufemia, Germana, Marciana, Marina, Basilisa e Quiteria. Todas elas serían criadas baixo a fe cristiá e, agradecidas a Deus, ofrecéronlle a súa virxindade.

No século II a persecución aos cristiáns chega a Balcagia. As nove irmás son, como tantos outros crentes, delatadas e levadas ante o gobernador Catelio, descoñecedor da existencia das súas nove fillas. Como xuíz, ameazounas con

terribles torturas e sufrimentos se insistían en seguir na súa fe cristiá. Elas mantivéronse na súa crenza.

A Catelio, sorprendido ante a serenidade e a forza daquelas nenas, chamoulle a atención o moito que todas se parecían á súa esposa, polo que non tardou en averiguar o segredo. Catelio empeñouse en convencelas para que deixasen o cristianismo, tamén o fixo a nai pero non o conseguiron. O gobernador concedeulles entón un día de reflexión antes de proceder a torturalas e sacrificalas.



As nenas puxéronse de acordo en fuxir de Balcagia para evitar, xa non a súa morte, senón que fose o seu pai o que as matara. Así que cada una delas tomou un camiño, separáronse e fuxiron.

Non tardaron en seren apreixadas. Cada una delas padeceu o martirio ata a morte da maneira máis cruel. A última supervivinte foi Liberata, delatada por aqueles que, atraídos pola súa beleza, lle fixeran propostas de dubidosa moralidade que ela rexeitou pois, como as súas irmás, ofrecera a súa virxindade a Deus. Esta foi a razón da súa curiosa petición: que o seu rostro fose afeado. E o milagre cumpriuse: a súa cara apareceu poboada de barba e bigote.

Feita prisioneira, Liberata reafirmouse na súa fe, mesmo trala narración dos martirios terribles que sufriran as súas irmás. Con alegría, entregouse aos verdugos. Tras ser sometida a brutais tormentos foi crucificada en Castraleuca, Lusitania (Castelo Branco, Portugal) no ano 139.

Santa Liberata foi a primeira muller que expirou nunha cruz. Goza de moita devoción mesmo entre os portugueses do Miño.

A festividade de Santa Liberata Mártir celébrase o 20 de xullo, coincidindo coa data do traslado dos seus restos a Baiona (no 1515) "*Librenos Deus dos fanatismos*"!!

(Noa Tank Piñeiro, 3ºB)

### ***A Ponte da Ramallosa***

Ponte do século XIII sobre o río Miñor que une Sabarís con Ramallosa. Esta ponte é chamada moitas veces "Ponte romana", pero se trata dunha ponte medieval polo seu perfil de lomo de asno, é dicir, o centro está máis elevado cós extremos e, polo tanto, o arco central é maior cós laterais. Os romanos, en cambio, construían as pontes de perfil horizontal e, por tanto, os arcos eran todos iguais.

En torno a esta construción circula unha lenda que afirma que cando unha muller non é capaz de procrear vai de noite ao medio desta ponte e pídelle ao primeiro que pasa que baixe ao río, colla auga e que lle bote dende o colo ata o ventre. A muller terá, daquela, unha criatura que o paseante deberá apadrinar.



## Nutrixenómica

A Nutrixenómica é a ciencia que estuda a relación entre os xenes, a dieta e as enfermidades cardiovasculares (Primeira causa mundial de mortalidade). Naceu estreitamente ligada ao proxecto "Xenoma Humano" que xunto con outros estudos secuenciou completamente o ADN humano e descubriu que só unha de cada 1200 parellas de nucleótidos varía entre unha persoa e outra; isto é o que produce as diferenzas fenotípicas (no aspecto) entre seres humanos.

As enfermidades cardiovasculares son moi diversas, pero clasifícanse en catro tipos xerais: isquémicas, cerebrovasculares, vasculares periféricas e outras.

As primeiras prodúcense por un taponamento nas arterias coronarias que produce o coñecido infarto de miocardio. Son responsables de máis do 60% da mortalidade cardiovascular. Só no 2002 causaron 7,2 millóns de defuncións. As segundas prodúcense de xeito similar, pero o taponamento, neste caso a rotura do vaso, dáse no cerebro, provocando a morte do tecido cerebral (Por necrose). É o coñecido infarto cerebral, que no 2002 causou 5,5 millóns de mortes.

As enfermidades vasculares periféricas prodúcense cando un trombo diminúe a capacidade dun vaso sanguíneo provocando inchazón, dor e, ás veces, destrución do tecido. Adóitanse dar nas extremidades e comportan un gran risco cando se desprazan ao cerebro, corazón ou pulmón, onde producen unha embolia pulmonar que pode causar a morte.



Finalmente, entre as enfermidades cardiovasculares podemos destacar as cardiopatías conxénitas (coas que naces) e a cardiopatía reumática, unha infección de bacterias similares aos estreptococos que deterioran o miocardio e as válvulas do corazón.

Estas complexas enfermidades nas que inflúe a susceptibilidade xenética do individuo e os factores aos que se expuxo ao longo da súa vida (como o tabaquismo, o sedentarismo e a dieta) están a aumentar a súa presenza. Calcúlase que no 2015 en vez de 16,7 millóns falezan 20 millóns a causa destas enfermidades.

Pero a que se debe este incremento das enfermidades cardiovasculares?

O organismo humano (codificado nos seus xenes) é o resultado de millóns de anos de evolución biolóxica e, como todos os organismos, estivo suxeito á selección natural. Esta selección favorecía un "fenotipo aforrador" un que almacenase de xeito moi eficiente os alimentos durante a época de bonanza para cando chegase a escaseza. Esta é a razón pola que o ser humano tende a ser obeso. Un exemplo disto encontrámolo nos indios americanos e os nativos da polinesia, nómades, que gastaban moita enerxía na busca de alimentos e

que agora sofren diábetes, hipertensión e hipercolesterolemia, tamén se está a dar moito en países asiáticos que pasaron da escaseza á abundancia sen solución de continuidade.

A nutrición durante o embarazo é de vital importancia. De acordo con investigacións, un feto mal nutrido, sobre todo no primeiro trimestre desenvolverá certos cambios metabólicos para sobrevivir mal alimentado unha vez naza, isto dará problemas se o resto da súa vida está ben alimentado.

Cando no século XVIII - XIX a poboación europea e americana adquire un maior poder adquisitivo a súa dieta varía, vólvese opulenta, nunha primeira etapa desta "transición nutricional" a saúde mellora pois diminúen as enfermidades infecciosas pero se esta alimentación desequilibrada prosegue só contribúe ao aumento das enfermidades cardiovasculares.

Os xenes polimórficos ( que adoptan distintas formas se algún dos seus nucleótidos está cambiado) son os responsables dos distintos fenotipos.

Un exemplo disto é o xene 5-10-metilentetrahidrofolato reductasa (MTHFR) que controla a correcta cantidade de homocisteína no sangue. Unha mutación no seu nucleótido 677 que cambiou Citosina por unha Timina creou un encima incapaz de cumprir con esta función moi ligada ao control das trombooses.



Este xene mutado desapareceu nas poboacións do norte de Europa, non obstante séguese mantendo no sur onde dietas como a mediterránea, ricas en ácido fólico, contrarrestan o efecto nocivo desta encima e polo tanto persoas genotipicamente enfermas (TT) pero fenotipicamente sás teñen fillos aos que pasan esta característica. Como vemos, as enfermidades vasculares non só veñen dadas polo "Determinismo xenético" tamén inflúe nelas a "Interacción xene -ambiente".

Como con esta proteína o proceso repítese con moitas outras, o xene APOE que regula a cantidade de colesterol LHL (Do malo) ten tres variantes Epsilon2, 3 e 4. Epsilon2 corresponderíase a unha produción maior da proteína que controla o colesterol, Epsilon3 correspondería a un fenotipo normal e Epsilon4 a un fenotipo aforrador.

A función da Nutrixenómica é basicamente preventiva: a prevención primaria é aquela que tratará de evitar a aparición de fenotipos enfermos, a secundaria a que tratará de restaurar a saúde ou polo menos diminuír a reincidencia e a mortalidade e a precoz aquela que desenvolverá unha dieta específica para previr problemas relacionados co embarazo.

Os indicadores para a prevención son os chamados "Fenotipos intermedios" en Nutrixenómica. Divídense en parámetros sanguíneos (como son a concentración de colesterol LHL, DHL, homocisteína, triglicéridos... en sangue) e medidas antropomórficas (como son o talle, peso, presión arterial diastólica e sistólica...).

## **ENTREVISTA A ELECTROS**

Electros é un grupo xuvenil de ROCK do Val Miñor que está composto por catro integrantes, tres deles estudan no noso instituto (Ricardo, Pedro e José), e o outro integrante (Roi) estuda no instituto de Gondomar. Este grupo está tendo un gran éxito.



### **Como comezou todo? Por que decidistes facer un grupo?**

Empezamos sendo tres: Ricardo, José e Pedro. Coñecémonos no instituto e como os tres tiñamos instrumentos diferentes decidimos facer unha proba para ver como soaba..

Aínda que ao principio non era nada serio, todos sentiamos moita curiosidade pola música e tivemos a sorte de que os nosos pais sempre nos apoiaron. Hai catro anos, no 2008, comezamos como grupo: *The free spirit*. Ensaibamos e tocabamos varias cancións; fixemos algún que outro concerto. No 2010 incorpóuse Roi Grandío (guitarrista solista) e

decidimos, daquela, darlle unha focalización distinta ao que fixeramos ata entón: renovamos instrumentos, cambiamos o nome do grupo... Dende entón tivemos moito éxito e xa gravamos o noso primeiro EP en novembro do ano pasado e acabamos de rematar o segundo en xuño deste ano. Así que creo (entre risos) que non nos podemos queixar.

### **Por que escollestes o nome de *Electros*?**

Antes de chamarnos *Electros* xa tiñamos outro nome, *The Free Spirit*. Pero, co tempo tivemos bastantes cambios no grupo, como a incorporación do noso novo guitarrista Roi. Isto fíxonos matinar en todo o relacionado coa banda e, finalmente, decidimos cambiar certos aspectos; entre eles, o nome.

### **É difícil atopar o nome axeitado? Ademais vós tamén creastes un logo. Quen o creou?**

A creación do símbolo foi unha casualidade. Nin sequera pensamos na idea de crear un. Bastantes problemas tiveramos para atopar o nome! Pero un día que estábamos ensaiando Ricardo fixo uns esbozos e os demais pensamos que non estaban nada mal os debuxos. Pedro deulles o seu toque final e o resultado foi o noso logo actual.

### **Ser un bo grupo leva o seu tempo. Como e canto ensaiades para os vosos concertos?**

Normalmente quedamos unha vez á semana (sábados ou domingos), depende do apertadas que anden as axendas. Claro está que para os eventos que teñamos (concertos ou gravacións), procuramos facelo máis a miúdo. Nos ensaios, ademais de practicar as cancións, aproveitamos para compoñer as de noso, polo que non perdemos o tempo.

**Que pensan os vosos pais sobre *Electros* e o que estades a conseguir ata agora?**

En xeral están moi contentos con todo o que facemos. Iso si, sempre que non interfira nos estudos. Aínda así sempre nos apoiaron, e estamos seguros de que non foi nada doado para eles aturar as dores de cabeza que lles dabamos de tanto tocar cancións desafinadas (risos).

**Estades apuntados ao concurso nacional *Musicaula* e o 5 de maio tivestes un concerto en Medina do Campo (Valladolid). Como foi a experiencia de tocar tan lonxe da casa?**

Foi realmente inesquecible. Tivemos a oportunidade de coñecer a outros grupos coma nós e de tocar na praza maior de Medina do Campo, perante 3 000 persoas.

Queriamos agradecer tamén o apoio recibido durante todo o día da actuación por parte dos familiares, amigos e mesmo xente que viña connosco acompañándonos dende outras localidades. Temos moita sorte de contar con tanta xente.

**Que obxectivos tedes para o futuro?**

A verdade é que non paramos de facer cousas. Neste mes de xuño acabamos de gravar o noso segundo EP, do que estamos moi orgullosos, e que xa podedes escoitar en Spotify e iTunes. Agora estamos agardando os resultados de *Musicaula* e ver se somos semifinalistas, o que nos levaría a tocar en Valencia no mes de xullo. Ademais xa estamos programando novos concertos para este verán. Temos varios proxectos pendentes entre os que están un festival en Nigrán o 7 de xullo, no que participarán grupos coñecidos da zona. Tamén tiñamos pensado dar un concerto no Torreiro (Priegue), onde xa teñen actuado grupos como *Dakidarría*.



**Algún de vós ten pensado dedicarse á música de maneira profesional no futuro?**

Pois o único que podemos dicir é que seguiremos a tocar. Se finalmente temos éxito, igual si que poderíamos facernos profesionais. Pero polo de agora compaxinamos a música cos estudos, e despois xa se verá.

**Parece que as vosas camisetas se venden facilmente. Que pensades facer co diñeiro?**

Para nós foi unha gran sorpresa que as camisetas tivesen unha acollida tan boa. Esperemos que siga así, porque é unha magnífica forma de promocionarnos. Ademais os cartos que conseguimos son para acadar melloras no grupo; como por exemplo, pagar as miles de pugas que perden Roi e Pedro (risos).

## 3º CONCURSO DE HAIKUS DO VAL MIÑOR

No mes de maio tivo lugar, no auditorio Lois Tobío de Gondomar, a entrega de premios aos gañadores no 3º concurso de haikus convocado polos equipos de Dinamización do Val Miñor.

O acto foi amenizado pola fabulosa actuación de M<sup>a</sup> Xosé Silvar (“Sés”), cantante de extraordinaria voz e de atractivos temas que engaiolou ao público coa súa interpretación e o seu discurso.

Estes foron os haikus premiados no noso IES Val Miñor.  
PARABÉNS ÁS AUTORAS





**1º PREMIO*****HAIKUS EN SALSA GALEGA***

Soan as gaitas,  
tacón, punta, tacón e  
pincha carneiro.

Árbores núas,  
castaña chamuscada,  
festa rachada.

Tras das xanelas,  
laretas inventando,  
vidas alleas.

Xa se verá,  
espírito galego,  
malo será.

Ondas quebradas,  
os desexos truncados,  
barcos varados.

LÚA ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ  
(3º ESO )

**3º PREMIO*****ALBA***

O mar espido  
atardecer vermello  
e o sol caído.

De verde o campo  
o paxaro é cantor.  
Abella na flor.

A ra croando  
o río serpentea  
os grilos cantan

A area branca  
horizonte nacente  
amencer quente.

Espertádevos  
a mañá cedo chega  
marcha, rocío.

ALBA GONZÁLEZ OTERO  
(4º ESO)



## ISAAC DÍAZ PARDO


(Santiago de Compostela, 1920 – 2012 A Coruña)

O intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo, "o home máis querido de Galicia" - segundo o definiu o escritor Manuel Rivas- faleceu o pasado 5 de xaneiro aos seus 91 anos por problemas de saúde. É unha das persoas máis recoñecidas e premiadas de Galicia nos ámbitos social, artístico e empresarial. A súa vida estivo moi influída polo seu pai, o histórico galeguista Camilo Díaz Baliño: pintor e escenógrafo que participaba activamente nas *Irmandades da Fala* e foi fusilado polos sublevados ao pouco de comezar a Guerra Civil española.

Naceu en Santiago en 1920 e xa dende cativo estivo moi vinculado ao ambiente artístico porque comezou traballando co seu pai no obradoiro da casa. Alí, ou na imprenta de Ánxel Casal, amigo da familia, xurdiron os primeiros contactos cos máis importantes intelectuais galeguistas do momento (Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, Eduardo Blanco Amor, Asorey...)

O seu compromiso con Galicia iníciase en 1936, cando participa activamente axudando ao seu pai na campaña a favor do Estatuto de Autonomía realizando carteis de propaganda. Neste mesmo ano arrestaron a Camilo Díaz, asasinándoo en Palas de Rei. Tralo triste suceso, Isaac viuse obrigado a agocharse durante meses na casa do seu tío na Coruña e a traballar alí como rotulista para gañar a vida.

No 39 obtivo unha bolsa da Deputación Provincial coruñesa que lle permitiu iniciar os estudos de Belas Artes na Academia de San Fernando en Madrid. Durante a súa estancia en Madrid visitou repetidas veces o Museo do Prado, onde tomou numerosas notas para realizar as súas pinturas. Completou a súa formación cunha viaxe de final de carreira a Italia, permitíndolle coñecer aos renacentistas do país, que influíron notablemente na súa obra.



Ao seu regreso inicia, cunha exposición na Coruña, unha etapa de dedicación plena á pintura que abandonaría (en pleno recoñecemento do seu labor) en 1948, para entregarse por completo a un proxecto de dinamización sociopolítica e empresarial. Con todo, a pintura vai continuar presente no seu labor creativo posterior (escenografías, obra gráfica...)



Un ano antes puxera xa a andar unha pequena fábrica de cerámica no Castro de Samoedo (Sada), explotando as materias primas do primitivo complexo de Sargadelos (Cervo) creado no século XIX por Antonio Raimundo Ibáñez.

En Arxentina, a onde se trasladou por primeira vez en 1955, coñeceu os galeguistas exiliados. Alí, xunto con Luís Seoane creou a revista *Galicia Emigrante* e unha nova fábrica de cerámica.

Desde este momento, Seoane converteuse nun estreito colaborador nas iniciativas culturais e empresariais do compostelán. Así, co apoio doutros galeguistas (Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco-Amor, Laxeiro...) fundaron en 1963 o Laboratorio de Formas ao que se incorporaría posteriormente o arquitecto Andrés Albalat. Desde esta institución irían tomando forma proxectos como o

Complexo Industrial Sargadelos (en convenio con Cerámicas do Castro) e Ediciós do Castro (ambos en 1963), o Real Padroado de Sargadelos (encargado da protección do recinto do primitivo complexo, declarado en 1972 conxunto histórico-artístico), o Museo Carlos Maside (1970), o Instituto Galego de Información ou o novo Seminario de Estudos Galegos.



A inxente actividade rexeneradora promovida por Isaac Díaz Pardo atinxe todo tipo de actos e iniciativas en que se plasma a súa idea, afastada das visións folcloristas dunha nación galega proxectada cara ao futuro.

Ademais de todas estas actividades tamén cultivou o ensaio, a crítica, o teatro e realizou numerosos artigos xornalísticos, principalmente de historia contemporánea e economía.

Díaz Pardo, que se caracterizaba pola súa humildade e que sempre considerou a súa vida unha “colección de fracasos”, aceptou a distinción de diferentes premios como unha homenaxe a todos os que, coma el, tiveron que seguir traballando por Galicia desde o exilio. Pódense destacar a *Medalla de Ouro* da cidade de Santiago de Compostela en 1988, o *Premio das Artes e das Letras* da Xunta de Galicia en 2003, o nomeamento como *Doctor Honoris Causa* polas Facultades de Biología e Historia da Arte da Universidade de Santiago de Compostela en 1992, e en 2001 *Arquitecto Honorífico* do Colexio de Arquitectos de Galicia.

**Marta Canella Rodríguez (1º Bach C)**

## MÚSICA DO PAÍS

Se facemos un repaso e indagamos un pouco na música “made in Galicia”, podemos descubrir unha multitude de grupos de diversos estilos cunha calidade abraiante. A música galega, na actualidade, atópase nunha etapa emerxente na que a xente comeza a valorar o que se fai e na que, cada vez máis, se lle dá saída a grupos aos que realmente paga a pena parar a escoitar e que ata agora non tiñan o recoñecemento que merecían.

Dende aquí convido a que todo o mundo se interese pola música do noso país porque podemos atopar música para todas as idades. Se facemos un breve percorrido podemos atopar grupos como:

### Dakidarría

“Dakidarría” é unha banda de Ska-Punk e Reggae da nosa casa, do Val Miñor que foi fundada no ano 2002. Nos seus temas, escritos tanto en galego como en castelán, faise unha crítica da sociedade, da política, etc... .



Os seus compoñentes son Gabri (guitarra e cantante principal), Simón (guitarra e voces), David (baixo e voces), Toñete (trombón), Juaki (trompeta), Anxo (saxo barítono), Charli (teclado) e Jorge (batería).

A súa discografía está formada por cinco traballos:

*Diskordia nas Rías Baixas* (2002), *Fragasaurus Rex* (2005), *El futuro nunca existiu* (2008), *Realidades alienantes* (2010) e *Utopías emergentes* (2011).

### Dios ke te Crew

É un grupo de Ordes (A Coruña) que se formou en 2003. DKTC é un completo colectivo de Hip-Hop. Nos seus directos abranguen todos os aspectos da cultura urbana. Os integrantes son Sokram (Mc), García (Mc), Mou (Mc), Jamas (Mc) e Dj Murdock. Para aquelas persoas que descoñezan o significado do termo Mc: esta é un palabra que quere dicir “mestre de cerimonia” e procede dos Estados Unidos de onde xurdiu todo este movemento musical. En definitiva, un Mc é o que se coñece como un rapeiro.



Todas as letras de *Dios que te crew* están escritas en galego e reivindican a desconformidade de certa parte da poboación galega, abordando temas como a política ou a sociedade. A banda ten detrás moitos anos de constancia e dedicación á música, por iso, o seu esforzo é recoñecido fóra de Galicia. A súa discografía consta de dous traballos: *Xénese* (2006) e *Humanose* (2011).

E, ademais, salientaría tamén o traballo de xente como: *Herdeiros da crus* (Rock), *El Puto Coke* (Hip-Hop), *Luar na Lubre* (Folk), *Ganjahr Family* (Reggae), *Los Suaves* (Rock). Todos estes artistas galegos tan só son unha mínima parte de todo o que nos podemos atopar no noso país; todos forman parte da nosa cultura.

Reitero a proposición que fixen antes: convídvos a investigar e a adentraros na música galega porque é algo que, sen dúbida, paga a pena.

**Apostemos por Galicia!**

Aitor J. Amorín Centeno – 1º Bac C

---

## LOGOTIPO PARA O NOSO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA “O BRIÓN”

Ao bo facer de Pedro Vilas Villamarín debémoslle o novo logotipo para o Equipo de Dinamización Lingüística.

OS NOSOS PARABÉNS polo que consideramos un excelente traballo!!!



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2012

IES VAL MIÑOR

### VALENTÍN PAZ ANDRADE



O poeta e escritor Valentín Paz Andrade naceu en 1898.

Na universidade coincidiu con numerosos intelectuais galegos: Castelao, Vicente Risco, Antón Villar Ponte e foi membro do partido galeguista, do que foi secretario dende 1934.

Tamén colaborou na redacción do primeiro Estatuto de Galicia, presentado polo Seminario de Estudos Galegos no ano 1931.

Escribiu moitos libros relacionados coa pesca en Galicia, e foi el quen impulsou a creación de Pescanova, da que foi vicepresidente.

Escribiu tamén poesía: “Pranto Matricial”(1954), “Sementeira do vento”(1968) e “Cen chaves de sombra”(1979)

Foi membro da Real Academia Galega e galardoado co Pedrón de Ouro, a medalla Castelao así como numerosos premios máis polo seu labor a prol de Galicia. Morreu en Vigo no ano 1987.

#### **COMO O VIVIMOS NÓS:**

O día 16 de maio celebramos no instituto IES Val Miñor o día das Letras Galegas (xa que o día 17 era festivo). Este ano adicóuselle a **Valentín Paz Andrade**. Como todos os anos, varios alumnos



de distintos cursos recitaron poesía ou leron algún texto en relación co homenaxeado.

Ademais, recitáronse poemas de Rosalía de Castro e Celso Emilio Ferreiro, pois se cumpren 175 anos do nacemento da primeira e 100 do segundo.

Cabe salientar a actuación de Breixo Álvarez e Marta Rodríguez ( alumnos de 2º Bach) que interpretaron unha escena da obra titulada *Monólogo do imbecil* de José Luís Prieto.

Tamén foi moi orixinal a forma de rematar o acto, co videoclip “Apréndeo”, spot da Televisión de Galicia para a campaña “Servizo público, a calquera hora”, que presenta a pontevedresa **Aid**.




Yaiza e Lucía (3º ESO) presentaron o acto na primeira sesión da celebración.




Entregáronse marcadores aos participantes nas lecturas, elaborados polo EDL "O Brión" cos haikus gañadores no 3º concurso do Val Miñor




Mar, Verónica, Alejandro, Nair e Patricia, recitaron un poema a varias voces (3º ESO)



Víctor e Alba (1º e 2º Bac) ocupáronse da presentación na segunda sesión



Antón Vilas e Pablo Padín (1º Bac C)



Víctor e Pablo Vázquez (1º Bac B)



Breixo e Marta (2º Bac) representando o *Monólogo do imbecil*

## NOVAS DEPORTIVAS

O equipo infantil de fútbol sala do IES Val Miñor vén de proclamarse por segunda vez consecutiva campión do torneo interescolar “Concello de Baiona”

O torneo, celebrado entre os meses de novembro a xuño, contaba coa presenza dos equipos dos colexios e institutos dos concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona.

Os integrantes do equipo do IES Val Miñor son os alumnos de 1º e 2º de ESO:

Anxo Vilas, Juan Vilches, Mariano Agüero, David Salgado, Gabriel Lamothe, Carlos G. Filloy, Miguel Fontán, Agustín Almada, Víctor Prado e contaron coa inestimable colaboración de Francisco Rivoira.



O equipo do Val Miñor acadou tamén os trofeos de “máximo goleador”, concedido a Anxo Vilas,;”menos goleado”, para Carlos G. Filloy e “mellor xogador” que o levou David Salgado.

Parabéns a todos eles!!





## HORTO ESCOLAR - 3º ano

Este ano, participamos case todos no noso horto escolar, aínda que houbo algúns que preferiron traballar na clase. Baixamos varias veces e plantamos: fabas (coas sementes de M<sup>a</sup> Carmen), allos, cebolas, brócoli, repolos, nabos e chícharos (sementes de Ana).

Cando estiveron os alumnos e profesores eslovacos, turcos e alemáns do Comenius, fixemos a colleita de fabas, brócoli, repolos e nabos. Era un pouco tarde e as fabas estaban menos tenras que o ano pasado; os nabos, que en realidade plantamos para obter semente de nabiza, estaban medio podres, e as vainas que contiñan as sementes non as deixamos secar na terra, así que quedamos sen sementes.



Os chícharos recollémolos máis tarde, e tamén parece que os podíamos ter recollido antes porque algúns xa estaban un pouco duriños.

Como en cursos anteriores puxemos a colleita do horto na sala de profesores e recadamos aproximadamente 20 euros. Agora xa estamos en condicións de facer contas e realizar algunhas propostas de mellora, non só nas actividades hortícolas senón de toda a zona verde do instituto. De feito, empezamos a encher as xardineiras de terra, a podar algúns rosais, plantamos un acivro e unha ave do paraíso que nos deu Lola...

**PERO NON TODO FORON ROSAS:** o traballo do horto require ter responsabilidade; temos que andar con tesoiras de podar, sachos, pas ... e precisamos non andar coa cabeza nos paxaros porque podemos lesionarnos ou prexudicar algunhas das instalacións do instituto, como ocorreu este ano coa auga.



O pasado 29 de abril estaba convocada unha folga xeral en toda España en protesta polas drásticas medidas de recorte aplicadas polo goberno, nomeadamente sobre as clases menos favorecidas. Algúns alumnos do IES Val Miñor non quixeron ficar en silencio e velaquí a súa resposta:

## Manifesto da ira

Os novos fillos da furia declarámonos en estado de rebeldía. Pretendemos manifestar aquí a nosa repugnancia máis profunda aos alicerces podres que manteñen a estrutura social actual.

Os novos fillos da furia pretendemos lembrarlles ás persoas que son iso. Persoas. E que, como tales, non están soas. Sartre dixo que o Inferno eran os outros. Non obstante, nós pensamos que nos outros tamén está a única posibilidade para unha vida real e satisfactoria. Polo tanto, a interacción humana é a pedra angular de toda a estrutura social. Dela nacen política, ética e, o máis importante, os dereitos do ser humano. Nós avogamos pola tolerancia política e ética ante a diversidade, pero pola intransixencia no respecto aos dereitos básicos da nosa especie, que son inalienables e pertencen a todos por igual. E estas premisas impoñennos unhas obrigas para e co resto das persoas. Precisamente, da vulneración flagrante destes dereitos que están levando a cabo os círculos de poder nace a nosa ira.

Os novos fillos da furia presenciamos atónitos como anos e anos de loita e revolucións a prol dun modelo igualitario queren ser esquecidos pola clase dirixente. Como pretenden impor as súas propias regras de xogo. E estamos aínda máis perplexos por como moita xente se axeonlla para ver unha choiva de billetes afogar a súa liberdade. Nós xa non imos mirar para outro lado.



Os novos fillos da furia somos todos aqueles que cren na loita silenciosa. Na man pechada ante o suborno dos poderosos. Na dignidade daquel que se mantén en pé. Que apreciamos o valor daquel que renuncia á esmola e que loita e reivindica. Somos todos aqueles que deixarán un oco alí onde traballen este 29 de Marzo. Somos a forza da xente, o pulo da liberación pacífica e firme.

Vive en ti e en todos un fillo da furia durmido. Unha parte de ti que pide xustiza. Libéraa. Espértaa o 29 de Marzo e mantena acesa para sempre. Abre os teus ollos e guíanos cara a un mundo mellor.

Nós pedímoscho, suplicámoscho. Escóitanos. escoita a túa familia, a chama do teu peito, os teus compañeiros/as, o aquel azul e indomable do mar, os bosques, a rúa, os teus fillos, os teus alumnos, os teus soños, as voces doutros tempos, o inmigrante ou emigrante, as doces utopías.

Os fillos da furia tendémosche a man para que recordes. Para que non esquezas que Grecia gastou máis, moito máis de 6000 millóns en compra de armamento a países europeos en 2010, en apenas uns meses. Que coas reformas do Goberno español se abarata o despido. Que en Portugal custa 15 € ser atendido en Urgencias e en España preténdese seguir ese camiño, vía copago. Que a escola pública, un dos grandes logros da nosa bagaxe cultural, volve atoparse en perigo ante a inminente privatización. Que uns cantos patufos desleigados asignáronlle data de caducidade ás bolsas universitarias e puxeron unha diana na lei do aborto, aducindo que a liberdade da muller para elixir o seu destino é unha sorte de “violencia de xénero”. Que día a día, rouban aos pobres para repartir entre os ricos, que os nosos impostos van para as arcas duns cantos banqueiros (pobriños eles, que andan tan faltos de capital). Que Berlusconi goza dun soldo vitalicio polo seu exemplificador papel á fronte da República. Que os reis levan sendo reis dende hai séculos.

Mais non precisas de nós para refrescar a memoria. Só levanta a vista da túa pantalla (ou, no seu defecto, do espello) unha vez e mira ao teu redor. Alí estaremos.

En canto a vós, os que inventastes esta crise mundial, os que criades poder

rivos de nós impunemente na vosa cela de ouro... Non temos nada que dicirvos. Os tempos son chegados. Xa non queda nada que dicirvos.

Amigos, pola ira da liberdade!

Breixo Álvarez Domínguez. 2º Bac A



## O IES Val Miñor tamén sofre as consecuencias

Despois de moitas entrevistas realizadas polas rúas do Val Miñor á xente de todas as idades, porfiando nos estudantes da ESO e Bacharelato, a conclusión á que chegamos foi que, en xeral, moi pouca xente ten un coñecemento en profundidade respecto ao tema, e desgraciadamente a maioría destes desinformados son os que, a longo prazo, serán os máis afectados.

Como é normal, os alumnos de primaria non teñen moita idea da aberración que lle están facendo á ensinanza pública, pero seguen sendo cidadáns, e pareceunos correcto averiguar as súas opinións, e sendo sinceros, as súas respostas foron moi graciosas e aportáronlle á realización deste artigo o punto cómico con respostas como:

“Eu non sei o que é iso, pero se me preguntas sobre cousas raras que pasan no cole, había uns anos un profesor pegoulle cunha fruta na cabeza a un neno, ese profe era malo”

“Hai unha profe que lles chama gordos aos nenos, pero só se están gordos eh, a min non mo dixo nunca!”

“Xa non podemos baixar á biblioteca cando queremos ou cando o necesitamos, iso non mola”.

Como vedes, cando nós formulamos a pregunta: Sabes o que son os recortes na educación? Eles responden que non, pero cando lles dicimos: Non vedes cambios no cole que non están ben? reaccionan. Algúns deles non chegan a comprendernos; porén, houbo unha rapariga que si o fixo

A partir de aí comezamos a preguntar a rapaces maiores e, todos eles, por inconcreta que fose a resposta, si sabían do que estabamos a falar e tamén se sentían indignados, pois nós pagamos os pratos rotos.

A gran maioría incidía en que é un paso cara atrás moi grande, e que supón un perigo para as futuras xeracións do país e incluso, cando preguntabamos por que crían que os recortes afectaban tanto á educación,



atopámonos con moitas respostas que afirmaban que estaban na procura da ignorancia nos cidadáns para convertelos en marionetas baixo as súas mans.

Se agora nos preguntamos a nós mesmos a cuestión que lles fixemos aos nenos de primaria: *Non vedes cambios no cole que non están ben?* Poderíamos asustarnos co que responderíamos, por que? Porque simplemente temos que abrir os ollos, e mirar ao noso redor, porque moitas das prazas que ao longo deste ano quedaron vacantes no profesorado, serán amortizadas (o que quere dicir que non virán profesores a substituír aos que marcharon, senón que, co mesmo cadro de persoal, repartirán as clases e horas de forma que non se necesite máis profesorado), o cal significa que o horario dos ensinantes aumenta; porque o diñeiro solicitado para cubrir as necesidades dos departamentos das diferentes materias non se concede ou, ao menos, non na cantidade solicitada; porque non é xusto ter como profesor de plástica alguén formado en matemáticas; porque, practicamente, carecemos de biblioteca, e se estamos nela, moitísimas veces, non hai profesor ningún; porque proximamente aumentará o número de alumnos por aula, e así, poderíamos realizar unha longa lista de cambios que, en vez de ir a mellor, retrasarán a ensinanza pública, a nosa formación.

Todos sabemos que isto é o que ocorre hoxe en día no IES Val

Miñor, que isto é o que están causando coas novas leis, leis impulsadas polos problemas económicos destes últimos anos, pero nós, como estudantes, non temos a culpa; nós, como estudantes, temos que ser conscientes do dano que provocan; nós, como estudantes, estamos ou deberíamos estar indignados e, aínda que non está nas nosas mans, si podemos amosar a nosa forma de pensar.

Non pretendemos neste artigo darvos unha explicación exacta do que son e en que consisten os recortes, nin queremos estendernos máis (tema da privatización das universidades e similares), simplemente é unha pequena chamada de atención ás vosas mentes, aos vosos dereitos e, sobre todo, ao voso deber como sufridores en primeira persoa destas decadentes decisións, de falar, de actuar e de expresar as vosas opinións, porque todas son importantes.



## “SARA” (por Breixo Álvarez)

Este relato, titulado *Sara*, resultou premiado no concurso *Ciencia que conta* convocado pola Universidade de Vigo. O seu autor, **Breixo Álvarez Domínguez**, alumno de 2º Bac A, xa gañara na convocatoria deste concurso o ano pasado. Este rapaz apunta alto, como podedes comprobar.



Velaquí tedes o magnífico relato:

*Soa ao lonxe Stairway to Heaven, de Led Zeppelin.*

Ela era o que a xente adoitaba chamar unha científica. Bata branca, traballaba no laboratorio, entregaba o seu día a día ao seu traballo. Dende pequena, tivera claro cal ía ser o seu obxectivo na vida: buscaría o por que, por que ría, por que choraba, por que os paxaros voaban, por que o mundo era tan vasto, tan asombroso, tan inabarcable, tan... Por que a xente é así. E cando lle contaron o que era a ciencia, díxose a si mesma que ela habería empregala para responder as preguntas que a corroían por dentro. Se existía alguén capaz de facelo, esa había ser ela, a alumna máis brillante, a máis decidida, a mellor.

Chamábase Sara, e gustáballe espertar escoitando Sara, de Bob Dylan, pero non sabía por que.

Primeiro, buscou nas moléculas. Percorreu o camiño das órbitas electrónicas de Bohr, vagou polos orbitais de Schrödinger, sentiu como as forzas nucleares forte e débil a levaban dun átomo a outro. Nos aceleradores de partículas gastou todas as súas forzas na busca daquel esquivo Bosón de Higgs. Nunca xamais desfaleceu no seu propósito, nin cando todos dicían que era imposible, que o modelo tiña que ser incorrecto, nin cando a Corporación ameazou con cortar a billa das subvencións se non comezaban a rendibilizar a súa “inversión”. E mentres as esperanzas e os esforzos de moitos se ían perdendo na selva de quarks e leptóns que aparecía e desaparecía con cada experimento, Sara non se detivo. Co tempo, os grumetes menos decididos primeiro, e os máis afoutos lobos de mar despois, foron abandonando o barco. Sen cartos nin persoal, coas instalacións anticuadas, o proxecto estivo a piques de ser desbotado. So a iniciativa de Sara, que investiu todos os seus cartos e días a manter vivo o centro de investigación, e a axuda dun rapaz apenas uns anos máis novo ca ela, e que sempre lle demostrara o seu apoio, logrou impedir que desafiuzaran o lugar. Aínda así, non puideron evitar que o proxecto fose illado das altas esferas, que moito material fose revendido a outras empresas da Corporación, e que as instalacións quedasen desertas. Sen embargo, ela agardou, paciente, nos ollos a mirada do cazador e a vista na pantalla dos ordenadores que aínda funcionaban. E mentres os solenoides ían deteriorándose, mentres as fontes de ións daban cada vez máis problemas, a pregunta afastábase e ríase de Sara, impertérrita ante as súas burlas, insensible cara a todo o que non fose o seu obxectivo.

Un día de tantos, cando o seu único compañeiro saíra un momento, non sabía para que, a ollada de Sara pareceu mudar. Apenas unha intuición de que algo diferente acontecera aquela vez... Angustiada, correu ao encontro dos novos datos que as computadoradoras estaban a punto de cuspir. As frecuencias de onda dos raios X, gamma, e familia que os átomos emitían ao ser golpeados polo feixe de partículas, ían trazando o percorrido dunha liña amarela sobre a negrura da pantalla do computador... Cada bit de información novo que chegaba sacudía os nervios de Sara, presa do pánico de quen asoma ao abismo. Quizais fose unha fronte de onda máis adiantada do que sería de esperar, unha frecuencia máis alta do normal... Pero cada nova especulación ía revelándolle unha verdade que non estaba disposta a aceptar.

Por fin, puido vela. A proba definitiva, o dato que tantos buscaban, que decidiría o futuro da física actual. Tamén descubriu a verdade. Que alí non atoparía a resposta á súa pregunta. Así que tomou unha decisión.

Cando o axudante volveu, atopou luces apagadas e ordenadores desconectados. Sara esvaeceráse.

A ela non a ían arredar tan facilmente da súa meta. Díxose: “As reaccións químicas permiten que a vida exista. A maior parte das marabillas cotiás e extraordinarias que nos rodean poden ser explicadas mediante a química. Quizais nela atope a resposta”.

Combustión, neutralización, oxidación, isómeros ópticos, formulación, orgánica, enlaces, pH... Dende a alquimia da Idade Media ata a estequiometría. Nin a máis insignificante das moléculas, nin o máis mínimo erro nas medidas escapaban da súa intelixencia. Os seus compañeiros, entre os que se atopaba aquel rapaz do acelerador, admirábana e crían que a súa determinación a levaría a pasar á historia. E desentrañou os labirintos de aminoácidos das proteínas, e estivo a piques de desvelar os enigmas da síntese prebiótica, e os recantos máis escuros e ignotos da ciencia tremían agardando o seu final. So unha dúbida se atrevía a plantarlle cara, un interrogante terrible que ía consumindo todos os seus esforzos. E pouco a pouco, a desesperación ía crescendo no seu corazón. Sen outra saída, farta de bater coa cabeza no mesmo muro cunha forza suicida, decidiu que alí non lle quedaba nada que facer. A química non podía ter a resposta.

Ao día seguinte, todos ollaban con pena o escritorio baleiro. Todos, menos un, que non dubidou que era o que debía facer. Cando o sol deu paso á Lúa, eran dous os escritorios baleiros.

Obsesionada, Sara buscou na maxia dos números, nas entrañas da Terra, nas marabillas da vida, nas profundidades dos mares, nos planetas máis remotos, no impulso eléctrico do pensamento humano. Mais a Pregunta estaba alí onde mirase: no elemento máis remoto daquela matriz infinita, na triangulación do foco do terremoto, nun codon do ADN do *Psilobyce azurescens*, nas fontes hidrotermais dos fondos abisais, nun exoplaneta da galaxia de Andrómeda, flotando nun espazo sináptico que semellaba infinito. Tras cada porta que abría na súa persecución, agochábanse outras dúas. E ela seguía camiñando, camiñando, intentando chegar máis alá do horizonte.

Un día, falláronlle as pernas; impulsouse cós brazos. Falláronlle os brazos; arrostrouse coma os vermes. Desmaioouse; proseguiu o camiño coas forzas dos pesadelos. Pero, por fin, non puido máis. Decatouse de que era imposible, que era a fin.

De súpeto, virouse e viu como aquel rapaz, que colaborara con ela en cada unha das empresas nas que se embarcara, que camiñara a escondidas detrás súa durante todo aquel tempo de fracaso, como aquel rapaz, corría a socorrela. Desesperada, Sara, triste, Sara, aferrouse a aquela última baza que a vida lle ofrecía. Preguntoulle cal era a resposta, se el vira algo que ela non fora capaz de descubrir, como podía manterse en pé.

El sorriu, regaloulle unha flor de cores, bisboulle algo á orela e deulle un bico con sabor a noites de lúa chea.

Sara chorou.

Atopara a resposta.

*Remata a canción de Starway to Heaven.*



## LECTURAS RECOMENDABLES:

### “O vello e o mar”

Non lin ata o momento ningún outro libro de Ernest Hemingway, pero escollín *O vello e o mar* por recomendación dalgúns familiares que xa o leran e parecíralles fermoso.

O xeito de narrar do autor pareceume admirable, porque mentres o lía semellaba atoparme en pleno Golfo de México, a carón do vello mariñeiro, vendo como loitaba contra o descomunal peixe e contra a súa mala sorte.

Ademais do realismo e tensión que o autor acada ao longo da historia, tamén impresiona o logrados que están os seus personaxes, impregnando as súas accións dun verdadeiro pulo vital.

Penso que *O vello e o mar* é un libro cargado de sentimento en cada verba, un libro que chega ao corazón con cada frase. Como conclusión, dicir que este foi un dos libros máis emotivos e vívidos que teño lido e recoméndollo a calquera persoa, xa que, ao meu parecer, a súa lectura resultará sempre amena e entretida.



Lúa Álvarez Domínguez 3ºA



# SERMOES GALIZA

## A letra con música entra

Seguen a Ronselzt, citan a Celso Emilio, a Dylan ou a Boris Vian, non esquecen aos Resentidos e algún devece pola literatura medieval. Son Xurxo Souto, O Leo, Sés e Miguel Mosqueira que se xuntaron para falar de músicas con letra.

Carme Vidal

A referencia tomouna Xurxo Souto de Luísa Villalta quen, no seu libro *Detrás da música, a poesía*, explica a historia da literatura galega en clave musical. Ao seu carón tiña a tres das persoas que máis están a revolucionar o panorama musical dos novos tempos. O Leo, de *Leo e Arremecaghoná*, María Silvar de Sés e Miguel Mosqueira das *Ataque Escampe*, que viña de conmemorar o décimo aniversario do grupo. Coñecidas polos seus traballos e polas actuacións en locais diversos, Xurxo revelou un dato que moi pouca xente sabe: licenciáronse en Filoloxía.

“A literatura é vida e a música é unha das pontes”, comentou O Leo para iniciar o debate. “Necesitamos fórmulas de afirmación identitaria e se son lúdicas mellor” espetou María para quen as cancións fan que “a xente interiorice contidos que doutra forma non faría”. A corpo aberto Sés teorizou coa mesma forza que canta os seus temas e dixo que “a lingua ten unha dobre condición como idioma e como elemento cultural no que o pobo se reafirma e isto en nacións sen estado como a nosa é moi importante”.

Temperou o debate Miguel Mosqueira ao falar de música e literatura como “códigos distintos, quen escribe a letra dunha canción non ten que facer un bo poema”. Tamén a distancia se mide na rima. “Na poesía do século XXI será un un por cento a que ten rima consoante e as cancións que non a teñen serán tamén un un por cento, a poesía ten outra liberdade” afirma o músico das Ataque. Pero aí estaba María Silvar para volver achegar os rexistros e recomendarlle ler á xente que fai letras. “Non hai razón para non facer unha boa letra para unha canción agás a incapacidade. Se queres facer música, pois escoita música e se queres escribir letras, pois le”. Así de claro.

## Ronselz e os Resentidos

Os referentes son tantos que levan á erudición. Sés menta a Dylan, Leonard Cohen, Boris Vian, as cancións tradicionais e, en especial, aos “grandes”. O Leo e Ugia, dos mellores artistas internacionais que ela coñece. Para o Leo, que devece coa literatura medieval, Celso Emilio conseguiu “adiantar a retórica do rap, adiantar o punk”. Xurxo Souto coincide en afirmar que do autor da *Longa Noite de pedra* “vive a música galega contemporánea” e que, na historia cultural galega, a “música abre camiños inéditos para a poesía”, como aconteceu con Rompente e os Resentidos. A Miguel Mosqueira, os Resentidos servíronlle, por exemplo, para entrar no mundo literario de Ferrín e por iso agora recomenda que a música entre nas aulas como mecanismo de animación á lectura. “Todo vale mentras haxa emoción” concluiu Xurxo Souto no debate celebrado no marco das XXIII Xornadas de Lingua e Literatura organizadas pola CIG-Ensino e AS-PG en Compostela.



## CELANOVA 2012

No mes de maio, os alumnos de 3º ESO (e algún de 2º ESO) visitaron a vila de Curros Enríquez. Alí coñeceron a “Casa dos Poetas” (antiga vivenda da familia Curros Enríquez) repasaron a súa vida e obra, leron poemas do autor e percorreron o mosteiro de San Rosendo escoitando as interesantes explicacións de arte e historia da guía que os acompañou.



Este curso houbo unha novidade con respecto ás visitas realizadas á vila noutros cursos pasados: xa que era o centenario do nacemento de Celso Emilio Ferreiro, autor tamén celanovés, os rapaces e rapazas buscaron fragmentos de poemas del polos comercios das rúas do casco vello; un xogo de pistas divertido que debía ser completado co selo de cada local para garantir o achado dos versos. O equipo gañador neste xogo foi o constituído por Eva Méndez, Adrián González, Mara Otero, Sara Barra e Saray Barros.



Equipo gañador na búsqueda de poemas de Celso Emilio Ferreiro

Equipo de Noelia, Mar, Lúa, Verónica e Irene

No claustro do mosteiro de San Rosendo Algúns poemas foron lidos en lugares emblemáticos da vila como na Praza Maior, diante do mosteiro (“cal xigante hipopótamo morto; de vermes cuberto ...”, segundo o describiu o propio Curros en *Aires da miña terra*) ou diante da Taberna do Galo,

Lúa e Lucía lendo o



poema “A Igrexa fría” de Curros, diante o mosteiro. Con elas, Paula, a nosa guía celanovense.

lugar que frecuentaba o poeta Celso Emilio Ferreiro e que lle deu título á súa novela curta *A Taberna do Galo* (1978), obra satírica contra o franquismo, o clero e a crítica literaria galega do seu tempo, dotada dun erotismo que sorprende.



Patricia Marques lendo “Moraima” de Celso E. Ferreiro diante da Taberna do galo

Tamén coñecemos a parte do mosteiro que hoxe está destinada ao IES de Celanova. O que máis sorprende foi a impresionante biblioteca que os membros do Club de lectura do noso instituto puideron admirar.

### Esco

Biblioteca do IES de Celanova e no claustro do mosteiro, escoitando poemas musicados de C. E. Ferreiro



Logo desprazámonos á Torre medieval de Vilanova dos Infantes onde hoxe se sitúa o centro comarcal. Alí enxergamos dende o alto a paisaxe que rodea a vila. Despois quixemos visitar a figura da Virxe do Cristal como fixeramos outros anos, na casa do cura, pero non tivemos sorte porque non conseguimos atopalo.



Subindo á Torre medieval de Vilanova dos Infantes e na procura do cura



Agardamos ter máis sorte en próximas viaxes, en canto á visita da Virxe do Cristal se refire, xa que noutros aspectos, a excursión resultou redonda!!

## XVIII EDICIÓN DE “PONTE...NAS ONDAS”



Este ano desenvolveuse a XVIII edición da xornada multimedia de comunicación interescolar por iniciativa da Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte...nas ondas!” que procura manter vivo o noso patrimonio inmaterial galego-portugués.

“Ponte...nas ondas!” é unha experiencia educativa que se veu desenvolvendo dende 1995 grazas á cooperación entre centros educativos de primaria e secundaria de Galicia e do norte de Portugal, coa participación doutros de diversos países.

Trátase dunha xornada que se iniciou coa emisión de doce horas de programación radiofónica realizadas por alumnado galego e portugués.

A partir do ano 2003 alcanzou as 24 horas de emisión con programas producidos por máis de 50 centros educativos.

Aos programas de radio, nas últimas edicións, tamén se sumaron programas de televisión por internet; elaborados en formatos moi diversos: concursos, variedades, música, entrevistas, conexión en directo entre diferentes estudos, etc...

A XVIII xornada dedicóuselle á difusión do **conto popular** de Galicia, Portugal e Brasil.




Os mozos do século XXI xa non escoitan no seu entorno familiar os contos tradicionais que noutro tempo os pais e os avós contaban nos momentos de traballo e ocio. Por iso, a escola debe participar no necesario labor de transmisión dos contos populares ás novas xeracións, facendo novas lecturas e interpretacións das narrativas tradicionais, adaptándoas aos novos tempos coa axuda dos medios audiovisuais.

Os contos populares forman parte do noso patrimonio inmaterial e deben ser transmitidos e conservados como parte dun valioso tesouro que ten na lingua o seu principal soporte. Seguramente aínda quedan historias inéditas na memoria de moitas persoas que merecen ser recollidas e preservadas.

As actividades propostas pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte...nas ondas!” para a XVIII Xornada Multimedia de Comunicación interescolar tiñan o



**Iago Salvador Pita**  
1º ESO A





Os animais do bosque están moi ilusionados pero tamén moi nerviosos. O concurso é o principal tema de conversa entre eles.

Vai ser moi divertido!

Non se que vestido levar. Teño tantos...

Xa penso nos Oscars de Ballyboob.



E o público comeza a chegar... É en tren desde Europa...




Vale a pena unha viaxe tan longa para ver semellante espectáculo.!!!!



Os cruzeiros deberían as súas rutas para achegarse ata o noso país e non perderse o acontecemento.



Os porcos lícense ante o público coma se fose a final de "Kama".



Os lobos non queren ser máis e lánzanse á pista. Marcha e ritmo sen parar.



Moitas grazas a todos sen todos vos este premio no sería posible.

Imos lobos!!  
Animo!  
Hala porcos!!!

Ben bailado porcos o espectáculo foi ben.

Menudo nivelazo!!! Os xuíces o teñen moi complicado. Por fin... Os porcos gañan!!! Enhorabuena tamén os lobos, grandes competidores.



Porco, te acordas daquel concurso que tivemos de xóvenes?

Claro que si, viñera xente ata da Condado, Jajajaja


Ainda teño monitos daquela...

FIN







EU CAMBIO, O MAR É UM LOCAL FANTÁSTICO, ONDE PODES FAZER MUITAS COISAS, COMO IR À PRAIA...







Claudia Fialho Pérez  
2º ESO A




JOGAR COS DELFINS E COS MEDUSAS, OU ...







Por isso, ao voo peixinho  
 só lhe gostava nadar na  
 piscina, onde o pasaba  
 em grande com seus  
 amigos, e, ao contrario  
 do que dizia a sua mãe,  
 ali não corria perigo...



**F I N**







IMAX  
BARCELONA



## ENTREVISTA A MAR

**Seguramente nos abandone Mar este curso.**

**Queremos darlle unha aperta de despedida e agradecer o seu traballo nas tarefas de limpeza deste instituto e o seu bo humor.**

Canto tempo levas traballando no I.E.S Val Miñor?

**Levo tres anos traballando neste instituto.**

Traballaches noutros centros escolares?

**Si, traballei en moitos centros, oito ou nove.**

Premiarías a algunha aula pola súa limpeza?

**Si, premiaría ás aulas de 2º A e B; son as máis limpas do 1º piso.**

Cales son as máis sucias, e que castigos lle porías?

**As de 1º son máis sucias, castigaríaos recollendo todos os papeis que tiran no chan, e subindo as cadeiras.**

Agora que tes axuda, como foi o tempo de limpar ti soa todo o instituto?

**Malo porque eu encárgome só do 1º piso, e abaixo limpabamos as dúas, a min soa non me daba tempo de limpalo todo.**

Falta moito tempo para que poidas retirarte deste traballo?

**Si, bastante, posto que teño 55 anos e ata os 67 aínda me falta bastante, a miña compañeira ten 61 anos e ata os 65 anos e dous meses non se xubila.**

Gustaríache cambiar de oficio?

**Non, estou moi contenta e moi orgullosa do meu traballo e penso que é un traballo coma outro calquera, aínda que eu antes era axudante de laboratorio con 35 anos.**


Que consellos lles darías aos estudantes?

**Que estuden, que quiten unha boa carreira.**

*(Entrevista realizada por Yaiza).*

*Dende o Equipo de Normalización Lingüística propoñemos que o curso vindeiro o instituto outorgue un premio á aula mais limpa, que mellor colabore co persoal de limpeza*







ANDORRA



## EXCURSIÓN A LUGO

O pasado día 17 de Abril, o alumnado de 2º ESO fixemos unha saída para visitar a cidade de Lugo

### Museo Provincial

Visitamos o Museo Provincial de Lugo, o cal está construído no antigo convento de San Francisco.

A visita realizouse dunha forma moi peculiar e divertida: o director do museo repartiu por grupos uns cadernos que contiñan



preguntas sobre o museo, as cales tiñamos que ir completando rebuscando por todas as salas: nos cadros, nos monumentos, no claustro...

O grupo que rematara antes e correctamente o caderno, levaría un agasallo, o cal foi un simpático bolígrafo do museo para cada membro do grupo.

### Muralla e Catedral de Lugo

Fixemos unha pequena andaina pola famosa Muralla de Lugo.

Estivemos sacando fotos e admirando o precioso panorama da cidade





Xa que estabamos en Lugo visitamos tamén, como non, a Catedral de Santa María de Lugo.

### O castro de Viladonga

Primeiro entramos no museo do xacemento, onde proxectaron un vídeo no que se explicaba moi ben como era a vida dos habitantes do castro; despois, observamos pezas atopadas no castro e

maquetas sobre este.


Máis tarde, fomos a ver o castro. Puidemos ver o castro dunha forma moi natural, posto que non está moi restaurado nin exemplificado coma outros.



En Viladonga existe unha cova onde puidemos ver o chamado *musgo luminoso*. Está en perigo de extinción e vive nas covas onde se atopa ferro e o ambiente é ácido, húmido e con pouca luminosidade

Non fixo moi bo tempo, mollámonos un pouco e tivemos que xantar nunha estación de

autobuses, mais, a pesar de todo, pasámolo moi ben!



## Nove Nadais, dúas vidas

A neve acariñaba os tellados da cidade e as árbores do parque atopábanse cubertas por un pranto de folerpas que protexía as súas pólas da intemperie que o paso do outono producira nelas.

A cidade comezaba a despertar e xa se podían divisar os primeiros transeúntes. Os parabrisas amencían conxelados e os motores dos coches acendíanse custosamente despois da fría noite.

A pequena pantalla da Blackberry de Lía iluminouse, como cada mañá, avisándolle de que eran as sete en punto, hora de erguerse senón quería chegar tarde ao instituto. Ela apagou a insistente alarma, deu media volta na cama e volveu pechar os ollos ata que, dez minutos despois, decidiu que xa ía sendo hora de comezar un novo día. Saíu da cama dun chimpo. Somerxeuse no seu armario e finalmente, despois dun longo tempo de indecisión, elixiu a roupa, vestiuse e dirixiuse á cociña para tomar o seu matutino vaso de cereais con leite.

Ás oito en punto despediuse dos seus pais, colleu a mochila, o arquivador e a cazadora, puxo a bufanda e saíu do edificio.

Mentres a enfermeira abría as cortinas Uxío despertaba na habitación do hospital. Ao seu carón, os seus pais, sempre agarimosos e atentos de que nada lle faltase. Uxío espreguizouse e deulles un bico de bos días. Na súa faciana estaba debuxado un pequeno sorriso que transmitía paz ao seu redor pero, no seu interior, un gran desacougo se estendía co paso dos minutos xa que, logo dunhas horas, atoparíase no quirófano, totalmente durmido, e non sabía de certo se algo máis o esperaría despois ou se todo remataría naquela operación, se cadra os seus ollos pecharíanse para sempre...

Nada máis cruzar a porta principal que conectaba o edificio e a rúa, o frío invernal bateu de cheo contra Lía, que sentiu un calafrío percorrendo o seu corpo dende as dedas de ambos pés ata a punta do nariz. Acto seguido subiu a cremalleira da súa cazadora e emprendeu o camiño en dirección á parada do autobús. Mentres percorría o rutineiro traxecto, observou o bonita e alegre que se atopaba a cidade naquela época do ano. A neve, o frío, os adornos, o alumeado... O vento levaba consigo ledicia, desexos... Era Nadal. Bicos, miradas, bágoas mudas... A porta do quirófano estaba a escasos centímetros, o momento da despedida era inminente. O celador detivo a palestra, os pais de Uxío non querían virse abaixo, o seu fillo precisábaos máis ca nunca ao seu carón. Os tres fundíronse nun agarimoso abrazo. Durante

uns segundos o tempo semellou deterse naquel recanto do hospital. Finalmente, o celador avisounos de que era a hora de cruzar a porta. Uxío e os seus pais déronse uns derradeiros bicos e deixaron que o celador fixese o seu traballo. A porta de entrada ao quirófano abriuse, Uxío xirouse e adicoulles un último sorriso con sabor a lúa. Pouco a pouco, os seus pais foron perdendo de vista a palestra... Tentaron facer forza por non chorar pero non foron quen de deter unhas bágoas rebeldes que percorreron as súas meixelas.

Lía chegou á parada do bus ás oito e dez. Saudou ás caras coñecidas que alí se atopaban e sentou nun escano á entrada dunha vella vivenda. Falou un pouco cos seus compañeiros e ás oito e cuarto o autobús chegou, con gran puntualidade, a recollelos. Subiron rapidamente ao bus e Lía sentou, como de costume, nun asento ao carón da porta traseira do vehículo. Pousou a mochila e o arquivador no asento do lado e sentiu como a expresión de alegría que a acompañara dende que erguera mudaba nun halo de tristeza que aumentaba pouco a pouco...

As bágoas comezaran a pasear polas meixelas de Uxío dende que atravesara a porta que o separara dos seus pais e o desasosego instalárase no seu corpo. O celador tentaba que o rapaz pensase noutra cousa pero a tristura que Uxío sentía non lle permitía escoitalo, simplemente quería chorar e chorar. Atravesaron un corredor e logo pararon ante unha nova porta. Esta vez si, esta era a última porta que lles quedaba por atravesar.

Lía dirixiu a mirada cara ao asento no cal se atopaban as súas cousas. Escoitaba o barullo de fondo, xente falando, a radio do vehículo, pero na súa mente había un terrible silencio.

Normalmente aquel asento era ocupado por Uxío pero, aquel día, a complicada operación impediúlle estar latricando con Lía e ela botábao tanto de menos...

Aquela sala recordoulle a Uxío as series de médicos que tanto lle gustaban. Realmente había poucas diferenzas entre os quirófanos destas e aquel da vida real. Matinando nisto esqueceuse de chorar e un pequerrecho sorriso apareceu na súa face. Tería que contarlle aquel detalle a Lía, pensou... Lía... Con tanto desacougo esquecera pensar na súa amiga.

A mañá e as clases pasáronlle máis lentas que as noites de inverno a Lía, quen non deixou de pensar en Uxío nin un momento... Rememorou todos os anos que viviran xuntos dende pequerrechos. Con seis anos coñecéranse e dende aquela estiveran na mesma clase durante toda a súa infancia. Ao chegaren ao instituto distanciáranse un pouco pero nunca deixaran de seren amigos. Lía namorárase del dende que se coñeceran... Nove anos... Nove anos nos que ela non se atrevera a confesarlle por medo a que non fose un sentimento mutuo. Moitas amigas dixéranlle que desperdiciara a súa infancia estando namorada del tanto tempo pero, se volvese a nacer, Lía tiña claro que volvería a namorarse de Uxío ao igual que o día en que falara con el por primeira vez.

Uxío sentiu como a anestesia durmía o seu corpo pouco a pouco... Nos seus pensamentos andaba Lía... Pechou os ollos e desexou con todas as súas forzas que aquela vez non fose a derradeira, xa non sentía o seu corpo... O doutor colocou as luvas... A operación comezaba.

Á saída do instituto Lía non era capaz de apartar do seu cavilar a Uxío. Botou a correr ata chegar a unha veiga que semellaba abandonada. Seguiu correndo coa mochila ás costas e o arquivador nas mans. Sentiu o frío das xeadas herbas altas rozar os seus pantalóns pero non se detivo. Parou a súa carreira ao chagar a carón dun enorme e fermoso carballo cuxas pólas estaban cubertas de neve e faltas de folla por mor do inverno. Logo adentrouse por un pequeno carreiro a través do cal chegou a unha pequena explanada onde había unha caseta azul. Ela e Uxío atopáranse abandonada nun dos seus paseos despois de clase cando eran pequenos, pintáranse da súa cor favorita e convertéranse na súa guarida, onde pasaran tantos días da súa infancia. Ao distanciárense no instituto non deixaran de falarse pero deixaran atrás costumes como aquelas tardes de sábado xuntos na caseta. Agora a pintura azul estaba descunchada e o frío Nadal tampouco axudaba a conservar aquel lugar, pero Lía nunca esquecera os momentos que viviran xuntos alí. Entrou, pousou a mochila e o arquivador nun recuncho e sentou nunha pedra.

Unha punzada no corazón... A luz volveu aparecer nos pensamentos de Uxío pero seguía anestesiado, non sentía o seu corpo, non podía abrir os ollos... Outra punzada... Imaxes comezaron a pasar a toda présa polas súas cavilacións. Recoñecía á xente... Todos eran momentos que o marcaran ao longo da súa vida... Unha chea de acontecementos dende que era pequeno... Outra punzada... Sentiu que as imaxes comezaban a escurecer... As últimas eran de momentos xunto a Lía... A que fora a súa amiga dende sempre... A rapaza da que estivera namorado en segredo dende o primeiro momento en que a vira e á que non fora capaz de declararse naqueles nove anos... Lía... Outra punzada... Escuridade... Xa non sentía, xa non cavilaba... Tan só escuridade...

Lía sentiu un calafrío... As bágoas comezaron a percorrer as súas meixelas... De súpeto o interior da caseta iluminouse e comezaron a aparecer imaxes de momentos vividos xunto a Uxío... momentos que percorrían dende o día no que se coñeceran ata o último día que falaran antes da operación... momentos de risas e de choros, de ledicia e de tristura... As imaxes apagáronse e Lía sentiu que alguén a abrazaba e a bicaba nos beizos... Durante uns segundos viu alí a silueta de Uxío e sentiuno ao seu carón. De repente sentiu outro calafrío... Fóra comezaba a nevar e o vento zoaba entre as polas nús do carballo... As folerpas acariñaban os tellados da cidade e un pranto de neve cubría da intemperie as polas das árbores...


### **Folerpa de Nadal**

## LISBOA 2012

### Galego e portugués: unha orixe común

A distinción lingüística que existe hoxe entre galego e portugués explícase pola diferente evolución política e histórica dos dous territorios separados polo río Miño.

O portugués é, xunto co galego, un dos sistemas lingüísticos nados da lingua galego-portuguesa que se falou no territorio da antiga *Gallaecia* romana (máis ou menos ata o río Douro), dende aproximadamente o século IX ata finais do XIV.



O nacemento do Estado portugués, ao se converter en reino independente na primeira metade do século XII, así como a supeditación de Galicia á coroa de Castela, que comeza no século XIII, motivou que se fose consolidando unha fronteira idiomática entre a variedade do norte do río Miño (galego) e a do sur (portugués).



A diverxente evolución socio-política dos dous territorios deu lugar á configuración de dous idiomas semellantes pero claramente diferenciados que comparten unha orixe común.

Durante a Idade Media, ademais, Galicia e Portugal compartiron unha rica literatura interpretada nesa lingua común, nos séculos XIII-XIV:

a lírica medieval galego-portuguesa; trobadores e xograres compusieron unha serie de textos, as *cantigas* nas súas diversas modalidades, que veñen a constituír un episodio decisivo non só na historia de Galicia, senón aínda no conxunto da cultura europea da Idade Media.

Debido a este rico patrimonio cultural compartido, o Equipo de Dinamización Lingüística do IES Val Miñor, organiza cada curso unha viaxe a Lisboa para alumnos de 1º de Bacharelato que ten como obxectivo a descuberta e o achegamento á cultura veciña.

**Lisboa**, segundo a lenda, foi fundada por Ulises. Pero o máis probable é que fose fundada polos fenicios e construída ao estilo mourisco, patente nas influencias árabes que presenta.



No século XII, os cristiáns reconquistan Lisboa, e a mediados do século XIII tórnase a capital do país.

No inicio da época dos Descubrimentos, Lisboa enriqueceu ao tornarse un importante centro para o comercio de xoias e especias.



A gran expansión chegou en 1498, cando Vasco da Gama descubriu o camiño marítimo para a India. Foi ese o comezo da Época de Ouro da cidade, caracterizada polo estilo Manuelino na arquitectura, nome que vén do monarca da época D. Manuel I, e que se caracteriza pola utilización de motivos marítimos na decoración.

Máis tarde, cando o centro da cidade foi destruído case por completo polo terremoto de 1755, foi o Marqués de Pombal quen se encargou da reconstrución, creando así a camada Baixa Pombalina, unha área comercial que aínda hoxe mantén a maior parte do seu trazado orixinal.

Lisboa é unha capital histórica, unha mestura cun carácter e un encanto fóra do común, onde 800 anos de influencias culturais diversificadas se mesturan coas máis modernas tendencias e estilos de vida, creando contrastes espectaculares.



Por varios motivos de encantamento, Lisboa chama!!

**“Pérdete por Lisboa!”:** E para animar aos alumnos a introducirse a fondo na cultura e costumes da cidade, este curso propuxémoslles un “xogo-concurso” en equipo; consistía en investigar sobre determinados aspectos da historia, literatura, poboación, costumes... dos lisboetas, de maneira que foran quen de dar resposta a unha serie de cuestións expostas inicialmente. A información obteríana das visitas, explicacións, textos, observación dos diferentes lugares ou mesmo das conversas coa xente do lugar. Podían engadir fotos e comentarios.



O resultado desta proposta de traballo foi positiva; o premio foi para o grupo formado por: Noemí Mateos, Alicia Santos, Erika Cedeira (1º Bac. B) e Miguel Gallego (1º Bac A), quen presentaron un power-point completo e ben estruturado, enriquecéndoo con comentarios propios e fotos das súas visitas.

Parabéns aos gañadores!!

**Visitas:** Os lugares máis destacados que visitamos foron o Museo Nacional do Azulejo, o Castelo de Sao Jorge, a Sé (catedral de Lisboa), a Torre de Belem, o Mosteiro dos Jerónimos (Patrimonio da Humanidade), o Museo das Carruaxes e a



Escola de Artes Decorativas.



Puidemos gozar, entre visita e visita, dos paseos polas rúas e prazas, do transporte en tranvía e, como non, do excelente café da “Brasileira”, no Barrio Alto, compartindo tertulia con Fernando Pessoa...

A nosa intención era achegarnos, tamén, ao Palacio da Ajuda, onde se atopa o Cancioneiro medieval que leva o mesmo nome (CA) e contén cantigas de amor medievais galego-portuguesas, pero non tivemos sorte cos horarios.

Deixaremos, pois, a visita para un novo curso no que agardamos tamén “perdernos por Lisboa!

(EDL “O Brión”)







# LISBOA 2012



## Que vai ser deles...

Este ano teremos 4 perdas no les Val Miñor, si si... e tan só pensar que vai ser deses rapaciños que a partir de agora cheguen novos ao instituto asustados de cómo será iso da ESO, e xa non escoiten falar do graciosísimo e bo que é o mestre de Galego antes de sair aterrados da súa primeira clase, onde non terán ningunha dúbida sobre os bolígrafos de cores que non van poder nin tocar, o pouco que se andará el con chiquitas e o moito que vas utilizar con el a libreta (claro que ao principio pensas que a xente de aquí ten unha perspectiva de “bo” e “gracioso” moi diferente da túa, pero tras unha semana de intensas clases de galego comprenderás a razón que tiñan e o moito que terás que aforrar para bolis e libretas). Que será destes cativos sen poder gritar “socorro, socorro!” cando lles estea chegando a titora a clase, ou non poidan comezar a ter os pesadelos que todos nós tivemos dous anos antes de dar Física e Química, polas faladurías do “terrorífico” mestre que dá a asignatura.. E cando teñan historia? Que será deles cando estuden a Revolución Francesa sen quedar sen voz antes cantando e cantando o himno Francés? Pepe vai ter que ir a clases de canto a partir de agora..

Pois si compañeiros, aínda que nos custe teremos que aceptalo, pero pensade que nós teremos a sorte de poder contar o moito que había que correr para as clases de Física e Química e coller un bo ferrari se non querías que Reguera Alonso pechase a porta antes de ti entrares, que se che gustaban os lunares con el estabas acabado/a, e máis che valía ir os domingos a misa porque rezos na súa clase non ía haber, aínda que se non levabas ben o de apurar coas pernas sempre poderías destacar nas clases de Toya coas mans, non aprendías a coller apuntes tan rápido nin co ordenador. Poderemos dar grazas a eses maravillosos venres nos que acababas dicindo “socorro” e non pola mestra que tiñas chamándote ao encerado, senón pola materia de toda a semana que deberías de ter aprendida e a que ías ter que contarlle (co primeiro día xa aprendes que non se pode estudar o día anterior) aínda que se non se nos dá ben a Lingua Castelá, sempre poderemos acabar dando clases de “como funciona Power Point”, aínda que sen Xose Lois na ensinanza a empresa vaia ir ao tacho.

Xose Lois, Socorro, Toya e Reguera, moitas grazas por todos estes anos loitando contra nós. Foi un pracer tervos durante a nosa formación. Rapaces, váisenos a mariquita dos lunares, o parchís do dado, o diñeiro da carteira, o carbón das minas..váisenos o “IES” do Val Miñor.




# CAFETARÍA 2012



**¡GUAW!**

# GRADUACIÓN 2012



## ÍNDICE

• Orlas dos alumnos do IES Val Miñor	2
• Carta do Director “Querida Jena”	3
• Samaín e Magosto 2011	5
• Xogos populares	6
• Adiviñas	8
• XULIA ALONSO VISITA O IES VAL MIÑOR	9
• Lendas do Val Miñor	10
• Nutrixenómica	12
• Entrevista a Electros	14
• 3º CONCURSO DE HAIKUS DO VAL MIÑOR	16
• Isaac Díaz Pardo	18
• Música do país	20
• Logotipo “O BRIÓN”	21
• Día das Letras Galegas 2012	22
• Novas deportivas	24
• Horto escolar – 3º ano	25
• Manifesto da ira	26
• O IES Val Miñor tamén sofre as consecuencias	28
• “SARA”	30
• Lecturas recomendables	32
• Sermos Galiza	33
• Celanova 2012	34
• XVIII Edición de “PONTE...NAS ONDAS”	36
• Concurso de Comic	38
• Salou 2012	44
• Entrevista a Mar	47
• Vallnord 2012	48
• Excursión a Lugo	50
• “Nove Nadais, dúas vidas”	52
• Lisboa 2012	54
• Que vai ser deles...	59
• Cafetaría do IES	60
• Graduación 2012	61
• Índice	62
• Orlas dos alumnos do IES Val Miñor	63
• Contraportada	64



# IES Val Miñor



2012